




**ESTATUTOS**

**C. M. V. M. C.**  
**Real, Rañadoiro e Agudo**  
**Cangas - Foz (Lugo)**





DEPARTAMENTO TERRITORIAL  
DO MEDIO RURAL

REGISTRO XERAL DE MONTES  
VECIÑAIS EN MAN COMÚN - LUGO

N.º 1013 / 16.06.2014

CAPITULO I

**OBXECTO DOS ESTATUTOS**

**Artigo 1º:**-Os presentes estatutos teñen o obxecto de regular a o abeiro da Lei do Parlamento de Galicia 13/89 do 10 de outubro e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, así como a Lei 2/2006 de dereito civil de Galicia e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, da organización, desfrute e aproveitamento do Monte Veciñal en Man Común denominado **REAL, RAÑADOIRO E AGUDO** clasificado por resolución do Xurado Provincial de Lugo, con data 15 de xuño do ano 1981, e que pertencente a os veciños da parroquia de CANGAS, no termo municipal de Foz.

**Artigo 2º:**-A titularidade e aproveitamento dos montes REAL, RAÑADOIRO E AGUDO, correspóndelle a comunidade da parroquia de Cangas, termo municipal de Foz (Lugo), que terá a capacidade xurídica plena para o cumprimento dos seus fins, para a súa auto organización, podendo en consecuencia, amais de aprobar os seus propios estatutos, exercer todas as accións, en vía xudicial e administrativa, que sexan precisas para a defensa dos seus específicos fins.

**Artigo 3º:**-Os devanditos montes son inalienables, indivisíbeis, imprescritíbeis e inembargábeis, e non están suxeitos a ningunha tributación nin a costas da Seguridade Social Agraria.

**Artigo 4º:**- Non obstante o disposto no artigo anterior, poderá ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de xeito principal en beneficio directo da comunidade veciñal, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18-1 da Lei 13/89, do 10 de outubro.

A cesión poderá ser por tempo indefinido en favor de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a prol da propia comunidade, e mentres se mantéña o fin para o que fixo a cesión.

No caso de que a cesión de unha parcela para o uso que supoña a creación de postos de traballo, terán preferencia os veciños da parroquia de Cangas, debéndose establecerse esta condición expresamente no contrato de cesión.

**Artigo 5º:**- Os montes veciñais, tamén poderán ser obxecto de expropiación forzosa por mor de utilidade pública ou interese social, previo acordo da consellería competente, así como o establecemento do dereito que con todo iso se deriva na forma regulada no art. 6 da citada Lei 13/89, se ben prevé, agás caso excepcional acordado polas 2/3 partes dos comuneiros, que tales cartos revertan na comunidade de Cangas, termo municipal de Foz (Lugo) e, no suposto de que o patrimonio colectivo fose expropiado conxuntamente, persista a comunidade á expectativa dun posíbel dereito de reinvestimento.

Unión de Montes  
en Mano Común,  
"Real Rañadoiro y Agudo"  
Cangas - Foz (Lugo)  
C.I.F.: E - 27.106.459



**Artigo 12º:-**A condición de comuneiro/a pérdese por calquera das seguintes causas:

- a) Por deixar de cumprir algún dos requisitos determinantes da condición de veciño comuneiro.
- b) Por peche da casa na parroquia a lo menos un ano.
- c) Por perda da veciñanza na parroquia, se se estima que se gañou a veciñanza noutro lugar.
- d) Por renuncia voluntaria escrita do titular ou por delegación escrita noutro membro da familia que reúna as condicións para ser comuneiro/a.
- e) Por falecemento do titular.
- f) Por decisión da Asemblea Xeral logo de incoación de expediente sancionador, no que se dará audiencia a o interesado, por usar os bens comúns en forma distinta do establecido polos órganos da comunidade, por causarlles graves danos aos bens comúns ou impedir o seu uso aos demais comuneiros, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbera lugar.
- g) Por falta de asistencia a tres Asembleas Xerais presencial ou representada, sen causa xustificada, para as que fose convocado en tempo e forma. Debendo parte da Asemblea deixar testemuña documental dos asistentes.
- h) Por calquera outro motivo sinalado por estes estatutos ou po la Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento. A perda da condición de comuneiro/a deberá ser acordada en Asemblea Xeral, e non impedirá volver a recuperala cando cesen as causas que provocaron.




### CAPITULO III

#### DA REPRESENTACION POR CASA E DELEGACION ENTRE COMUNEIROS

**Artigo 13º:-** A representación por casa perante a comunidade, corresponderá ao titular da explotación económica; no seu defecto, e independentemente da idade, sexo ou condición familiar, a quen designen por maioría os membros maiores de idade, e en derradeiro lugar, a quen de feito asuma a dirección da explotación económico-familiar, debendo informar da decisión acada por escrito dirixido a Xunta Reitora da Comunidade

**Artigo 14º:-** Para asistir á Asemblea Xeral, un comuneiro/a poderá delegar a súa representación noutro comuneiro/a, non podendo asumir mais dunha delegación. En todo caso, a delegación deberá ser expresa e por escrito para cada Asemblea Xeral, deberá ser entregada a Xunta Reitora antes do comezo da mesma.





menos ao 50% do censo de comuneiros/as en primeira convocatoria e o 30% na segunda.


**Artigo 22:-** Os acordos das Asembleas Xerais para a aprobación de xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral, tomaranse por maioría simple. salvo os casos que os presentes Estatutos, a Lei e o Regulamento da Lei de Montes en Man Común así o regulen.

**Artigo 23:-** A asistencia a Asemblea Xeral deberá ser do propio comuneiro/a ou representado por outro comuneiro/a maior de 18 ano, en que delegue mediante escrito que lle presentará á presidencia ao comezo da reunión. Ningún asistente poderá ostentar máis dunha representación, nin emitir mais de un voto representado.

**Artigo 24:-** Agás nos casos expresamente tipificados na Lei de montes veciñais en man común, o seu regulamento ou os presentes estatutos, os acordos deberán ser tomados polo maioría dos asistentes e representados obrigando a todos os comuneiros/as.

**Artigo 25:-** É competencia da Asemblea Xeral de comuneiros/as.

- a) A elección do presidente e demais membros da Xunta Reitora.
- b) A admisión de novos comuneiros/as que reúnan os requisitos necesarios. Decidir as baixas e a perda total ou parcial dos seus dereitos.
- c) O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso dos novos comuneiros/as, cando proceda, como consecuencia de participar en aproveitamentos creados pola propia comunidade.
- d) Ratificación ou rectificación dos acordos adoptados pola Xunta Reitora que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros da Asemblea Xeral.
- e) Dirimir as discordias entre comuneiros/as
- f) Aprobar os orzamentos anuais, investimentos de remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunitarias, créditos, convenios e as contas do exercicio.
- g) Aprobar os actos de disposición do monte: outorgamento de cesións, ocupacións e servidumes, dereitos de superficie, permutas, arrendamentos, e todo tipo de contratos con terceiros.
- h) Aprobación dos plans de aproveitamento do monte.
- i) Aprobar as posibles federacións, unións e mancomunidades con outras comunidades.
- j) Aprobación, modificación ou revogación dos Estatutos da comunidade, co voto favorable de a lo menos o 50% dos comuneiros/as censados en primeira convocatoria.





Un extracto dos acordos, será publicado no taboleiro de novas do Centro Social, durante dez días a partir dos cinco días seguintes á asemblea.

### A XUNTA REITORA:

**Artigo 27:-**A Xunta Reitora e o órgano de administración, xestión, execución e representación da comunidade de montes. Estará formada polo presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro e un número mínimo de catro vogais.

Os cargos son gratuítos e honoríficos, e terán unha duración máxima de **catro anos**.


Os cargos electos, non poderán ostentar a condición do mesmo cargo en mais de dúas lexislacións consecutivas (8 anos), tendo que pasar un período de alternancia para poder volver a ostentar o cargo.

Serán substituídos os cargos nos casos seguintes:

- a) Falecemento ou incapacidade de obrar.
- b) Perda da condición de comuneiro/a ou revogación da representación que ostenta.
- c) Renuncia expresa admitida polo Asemblea Xeral.
- d) Remoción pola Asemblea Xeral Extraordinaria, a pedimento do 20% dos comuneiros/as, aprobada por maioría simple, sempre que concorran a esta asemblea o 25% dos comuneiros/as.

**Artigo 28:-** Son competencias da Xunta Reitora:

- a) Execución dos acordos da Asemblea Xeral.
- b) Os actos de administración ordinaria.
- c) A convocatoria das reunións da Asemblea Xeral.
- d) Presentación á Asemblea Xeral das propostas de novos comuneiros/as, así como das súas baixas, imposición de períodos de carencia e cotas de ingreso. Igualmente acreditarán a condición dos comuneiros/as, mediante certificación da súa inclusión na relación de comuneiros/as.
- e) Confección e presentación ante a Asemblea Xeral de balances, contas orzamentos, plan de aproveitamento e, en xeral a elaboración de propostas e proxectos de todo tipo, así como contratar as persoas privadas ou públicas que esixa a explotación do monte.
- f) Someter á Asemblea Xeral os actos de disposición do monte.
- g) Decidir sobre a imposición de acción xudiciais, administrativas ou doutra orde na mesma reunión que se celebre para a súa ratificación.





**Artigo 34:-** A Xunta Reitora será reponsable perante a Asemblea Xeral do cumprimento das funcións que lle encomenda a Lei de montes veciñais en man común, así como nas sinaladas nos presentes estatutos, e de todas aquelas que lle encomenda a Asemblea Xeral.

**Artigo 35:-** A responsabilidade da Xunta Reitora será sempre colexiada, a non ser que algún dos seus membros traspase as facultades que lle foron conferidas e actúe a nivel persoal con terceiros; en tal caso, esixiráselle responsabilidade individualmente. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que incorra cada un dos seus membros.

**Artigo 36:-** A Xunta Reitora reunirse en sesión extraordinaria cando o dispoña o presidente ou calquera dos seus membros, e en sesión ordinaria, obrigatoriamente, como mínimo cada tres meses.

**Artigo 37:-** Para que quede validamente constituída a Xunta Reitora, deberá asistir a maioría dos seus membros, e en todo caso o presidente ou, coa súa delegación, o vicepresidente.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos/das asistentes e, en caso de empate, decidirá o presidente.

A asistencia ás reunións da Xunta Reitora será sempre persoal, sen que se admitan delegacións.

## ELECCIÓNS DE CARGOS A XUNTA REITORA

**Artigo 38:-** Para a primeira elección da Xunta Reitora será convocada unha Asemblea Xeral polos promotores dos presentes estatutos ou tres comuneiros(as) para tal fin, dentro do prazo que sinala a disposición transitoria segunda.


A mesa electoral estará integrada polo comuneiro(a) de maior idade e o/a de menor idade, o primeiro dos cales ostentará a presidencia e o segundo, a secretaría.

As candidaturas que concorran á elección poderán asignar cadanseu interventor de mesa, sempre que estes non formen parte de ningunha candidatura.

Serán elixidos presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro da Xunta Reitora os/as que integren a candidatura que maior número de votos obteña dos comuneiros(as) en Asemblea Xeral da comunidade.

**Artigo 39:-** Para as seguintes eleccións, unha vez rematado o mandato da anterior Xunta Reitora, o presidente da comunidade convocará a Asemblea Xeral co a seguinte orden do día:

- 1) Lectura e aprobación si procede da acta da Asemblea anterior.
- 2) Dimisión da Xunta Reitora.
- 3) Convocar eleccións a Xunta Reitora
- 4) Publicación do calendario electoral.
- 5) Designar os compoñentes da mesa electoral (presidente, secretario e dous vogais).
- 6) Rogos e preguntas.





- d) Respetar os acordos que a Asemblea Xeral adopte sobre a transformación e posta en valor dos aproveitamentos do monte.
- e) Asistir ás reunións para ás que fora convocado en debida forma, ou delegar o seu voto noutro comuneiro, salvo causa de forza maior suficientemente xustificada.
- f) Desempeñar con toda dilixencia os cargos para os que sexa elixido na comunidade. Non obstante, a presente obriga quedará eliminada cando o comuneiro/a, debido a súa idade, estado físico e outras circunstancias claramente apreciadas pola comunidade, teña impedido ou diminuído no seu traballo como membro da Xunta Reitora.
- g) No caso de explotación directa do monte, os gastos orixinados polo a explotación do monte, deduciranse dos beneficios, si os houberse, e en outro caso repartiranse entre os comuneiros na forma que se determine.
- h) Cumprir os mandatos da Asemblea Xeral en canto a defensa, custodia e conservación do monte, así como as medidas que se tomen para a prevención e loita contra os incendios.
- i) O comuneiro/a, que no seu momento néguese a aportar a parte correspondente para contribuír aos gastos de xestión, aproveitamento ou explotación do monte, non terá dereito a beneficio algún, entre tanto non cumpra o acordado e estipulado polo a comunidade, cos agravantes de xuros usuais que acorde a Asemblea Xeral por maioría simple.
- j) No caso de cesión do uso de parcelas derivadas do monte veciñal en man común, suxeitarse estritamente ás normas que para o efecto establece a Lei.
- k) Todas as demais que resulten da aplicación da lexislación de montes veciñais en man común, dos presentes estatutos e do desenvolvemento dos acordos da comunidade, determinados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora, dentro dos ámbitos das súas respectivas competencias.

**Artigo 46:**-Ademais dos que resulten dos restantes preceptos destes estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común.

Todo comuneiro/a ten os seguintes dereitos:

- a) Ser debidamente convocado como indican os presentes estatutos e establece a Ley de montes veciñais en man común para as Asembleas Xerais tanto Ordinarias como extraordinarias.
- b) Ser elector e elixido para presidente ou membro da Xunta Rectoraco as limitacións establecidas nos presentes estatutos.





terá dereito a beneficio algún, mentres non cumpra o acordado pola Asemblea Xeral, con gravames de intereses que esta determine.

**Artigo 51:-** Si algún comuneiro/a, se mostra desinteresado e inhíbese de participar ou de pertencer á comunidade, entenderase como renuncia voluntariamente a o seo dereito participativo, e non terá dereito a beneficio algún derivado dos montes comunais ata que manifieste o seo desexo de participar e o faga realidade, sendo solidario co a comunidade e cumprindo todas as súas obrigas, aportando o que lle corresponda segundo o teña establecido a comunidade.

**Artigo 52:-** Para o seo desenvolvemento e consecución dos seus fins, a comunidade beneficiarase dos seguintes recursos:

- a) Dos seus propios ingresos, provintes dos aproveitamentos pecuniarios de tido tipo.
- b) De subvencións recibidas da Administración e organismos oficiais.
- c) De créditos concertados coa Administración ou con entidades financeiras, tanto oficiais como privadas.
- d) De calquera outro recurso ou operación legalmente recoñecida que sexa previamente acordada pola Asemblea Xeral.

**Artigo 53:-** O Presidente ou a persoa que o substitúa, queda facultada para solicitar, formalizar, subscribir e cancelar préstamos, créditos, avales, contratos ou calquera outra operación financeira deste tipo, cando así o acorde a Asemblea Xeral, dentro das límites establecidos pola Lei.

**Artigo 54:-** Os fondos da comunidade estarán depositados en contas bancarias ou calquera outro tipo de depósito remunerado abertas a nome da comunidade. Terán recoñecida a sinatura o presidente, o secretario e o tesoureiro, sendo precisa a sinatura conxunta de a lo menos dous dos membros para poder dispor dos fondos das constas bancarias. Os cargos que teñen recoñecida a firma serán responsables ante a comunidade do bo uso e administración das devanditas contas.

**Artigo 55:-** Unha vez o ano, na Asemblea Xeral Ordinaria, presentarase á comunidade o estado financeiro – económico así como os xustificantes de ingresos e gastos e demais documentación acreditativa que os comuneiros/as poidan solicitar.

A Xunta Reitora deberá facilitar calquera tipo de información económica relativa á comunidade mediante certificación expedida polo secretario, cando así o solicitara por escrito calquera comuneiro/a.

## CAPITULO VII

### DOS APROVEITAMENTOS

**Artigo 56:-** Os aproveitamentos e beneficios do monte correspóndelles, no caso non especificado de que a comunidade afronte a transformación do monte, ben directamente ben en calquera forma asociativa, en todo ou en parte, segundo os casos, exclusivamente aos veciños comuneiros(as), sen asignación de cotas ou







continuación dedicalas aos traballos programados en dito instrumento, para os custos en materia de servizos de xestión que a súa aplicación comporte ou para o deslindamento e posterior marcaxe.

**Artigo 60:-** Os ingresos sobrantes, unha vez aplicada a cota correspondente e sempre consonte ao artigo 125 da Lei de montes de Galicia, e segundo acorden estes estatutos ou a Asemblea Xeral, poderanse investir todo ou en parte:

- a) Na adquisición de montes, que serán cualificados polo Xurado Provincial como monte veciñal en man común.
- b) Na posta en valor do monte desde o punto de vista social, patrimonial, cultural e ambiental.
- c) En obras ou servizos comunitarios con criterios de repartición proporcional entre os diversos lugares.
- d) Na repartición, total ou parcial, en partes iguais entre todos os comuneiros/as. No suposto de expropiación forzosa, esta repartición do importe do prezo xusto, será autorizada pola Administración forestal, debendo a comunidade xustificar o cumprimento do establecido na lei.

**Artigo 61:-** Por acordo da Asemblea Xeral, poderase determinar que parte do monte se destina a aproveitamento individual, mediante a adxudicación de lotes, sortes ou parcelas, en réxime de rotación, por períodos máximos de once anos (11) e nas condicións que se establezan pola Asemblea Xeral, para usos agrícolas e gandeiros.

Unha vez transcorridos o período acordado, o terreo pasará de novo a aproveitamento mancomunado, a non ser que se produza un novo acordo divisorio na forma establecida no parágrafo anterior. En todo caso, a división farase de xeito que un comuneiro/a non poida desfrutar, neste período, da mesma parcela que na queda anterior.

Será indispensable que todas e cada unha das parcelas teñan acceso directo suficiente para os medios de transporte usuais entre os veciños, para os fins agrícolas e gandeiras.

A Asemblea Xeral poderá derogar o acordo tomado cando o mal uso por parte dalgún comuneiro ou outras circunstancias así o aconsellen.

**Artigo 62:-** A comunidade, previo acordo da Asemblea Xeral, poderá establecer contratos ou acordos con terceiras persoas, empresas, entidades ou organismos públicos, facultando para este fin ao presidente e á Xunta Reitora. Antes de concertar tales contratos ou convenios debe presentarse un proxecto no que se especificará claramente o plan do aproveitamento.

**Artigo 63:-** En materia de aproveitamentos de auga, a comunidade de montes rexerase polo disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu





medidas necesarias para que non se rompa o equilibrio ambiental e, en consecuencia, tomar as medidas legais contra os infractores ecolóxicos.

## CAPITULO IX

### EXTINCIÓN DA COMUNIDADE

**Artigo 69:-** A comunidade extinguirase por calquera das causas seguintes:


- Por disposición legal que así o ordenase.
- Por renuncia de todos os comuneiros/as.
- Por perda da propiedade do monte, calquera que fora a súa causa.
- Por deixar de existir veciños na Comunidade.
- Por non terse presentado ningunha candidatura a dirección da comunidade.


**Artigo 70:-** De extinguirse ou desaparecer por calquera causa, a comunidade de veciños(as) titular do monte de forma provisoria e ata que se reconstitúa a comunidade, e sempre que a parroquia onde radique o monte non exerza o dereito conferido no artigo 20 e 27 da Lei de Montes Veciñais en Man Común, os montes serán xestionados de forma cautelar pola á Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de montes (Medio Rural), que regulará en concepto de titular provisorio o aproveitamento do monte en beneficio da Comunidade Parroquial de Cangas propietaria do monte Real, Rañadoiro e Agudo.

**Artigo 71:-** No suposto de que o monte deixe de pertencer a comunidade e sexa cambiado por outros bens, poderá continuar a existencia da mesma coa explotación dos bens substituídos, sempre que así o acorde a Asemblea Xeral.

**Artigo 72:-** Cando ao tempo que se expropie o monte se extinga a comunidade titular do mesmo, o importe de xusto prezo poderá investirse, cando así o acorde a Asemblea Xeral, na adquisición de outros montes, predio ou inmovible, e será xestionada po la propia comunidade.

**Artigo 73:-** Cando non fose posibel o previsto no artigo anterior, a Asemblea Xeral, por maioría dos seus membros, decidirá sobre o emprego a xusta distribución do importe correspondente á expropiación dos bens comunais, mais a comunidade non desaparecerá, en expectativa de dereito de reversión dos mesmos.







## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

**Primeira:** Antes da aprobación dos presentes estatutos, na forma que regula a Lei 13/89, do 10 de outubro, do Parlamento Galego, concederanse dez días para que teñas pleno coñecemento dos mesmos todos os posibles comuneiros, trámite que efectuarán cando proceda, de ser a primeira Xunta Reitora, os promotores do expediente de clasificación ou tres veciños(as) con dereito a se integren na comunidade e de ser a Xunta Reitora en funcionamento; concederáselle igual prazo a todos os comuneiros para o estudo dos devanditos estatutos, a incorporación de normas peculiares da zona onde os mesmos se vaian aplicar, ou para incorporar o costume inventariado que cando proceda puidese existir como fonte de dereito especial galego.

**Segunda:** No expresado prazo de tempo convocarase Asemblea Xeral na forma que determina o apartado 4º da Lei 13/89, do 10 de outubro.

## DISPOSICIÓN FINAIS

- 1) Os presentes estatutos entrarán en vigor e serán de obrigado cumprimento ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral de comuneiros, e derrogan calquera outra norma de data anterior, que quedará sen efecto algún.
- 2) O non previsto nos presentes estatutos, será regulado po la Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu regulamento, Lei de Montes de Galicia, Lei de Dereito Civil de Galicia e, no seu defecto, po la lexislación xeral.
- 3) Dos presentes estatutos facilitarase unha copia a toda persoa comuneiro/a que o solicite e remitiranse dous exemplares, asinados en todas as páxinas polo presidente e mailo secretario, ao Rexistro Xeral de montes veciñais en man común, a través da sección provincial, a efectos de rexistro e coñecemento, xunto coa certificación do libro de actas relativa á aprobación dos estatutos.

A representación da Comunidade correspóndelle a Xunta Rectora, e á desta ao seu presidente, podendo, en consecuencia, o devandito presidente defender o acervo comunitario, en casos urxente, poñendo en coñecemento da Xunta Rectora e da Asemblea Xeral que mais proximamente se convoque o exercicio das accións esgrimidas, para que o colectivo o ratifique ou impugne. Todo isto sen prexuízo das facultades que cada comuneiro/a lle outorga o ast. 17 da Lei 13/89 do 10 de outubro, no suposto que o presidente non exercite as accións precisas como lle está encomendado.

Jesús Casabella López  
76548168M

Presidente CMVMC. Real, Rañadoiro e Agudo

Jorge Quelle Alemparte  
33835783T

Secretario CMVMC. Real, Rañadoiro e Agudo





Regulamento con carácter xeral, todo isto sen prexuízo do que para o efecto dispón a Lei de Augas 29/85, do 2 de agosto, e o Regulamento Público Hidráulico, aprobado polo R.D. 849/86, do 11 de abril, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da citada lei, agás que a Comunidade Autónoma de Galicia regule de distinto xeito, dentro da esfera da súa competencia, por medio doutra normativa de aproveitamentos acuíferos.

## CAPITULO VIII

### DEFENSA DO MONTE E IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS

**Artigo 64:-** Calquera comuneiro/a poderá defender os intereses da Comunidade de Montes en Man Común, tendo que serlle reintegrados os gastos que isto lle ocasione, sempre que prosperen as súas pretensións ou sexan aprobados pola Asemblea Xeral.

**Artigo 65:-** Os acordos da Xunta Reitora contrarios á Lei de Montes en Man Común, ao seu regulamento ou os presentes estatutos, poderán ser impugnados polos comuneiros(as) que se crean prexudicados ante a Asemblea Xeral no termo de quince días naturais dende a súa publicación, e a resolución daquela poderá ser impugnada na forma prevista no artigo seguinte.

**Artigo 66:-** Os acordos da Asemblea Xeral contrarios á Lei de Montes en Man Común, ao seu regulamento ou os presentes estatutos, poderán ser recorridos por calquera dos comuneiros(as) que se crean prexudicados ante os Tribunais de Xustiza dentro dos quince días naturais seguintes, en caso de que tal comuneiro(a) asista á asemblea na que se adoptou o acordo, e nos próximos trinta días seguintes naturais se non asistiu á mencionada asemblea, debendo resolver a Asemblea Xeral sobre tal recurso dentro dos trinta días naturais seguintes á súa presentación; e esa decisión poderá ser impugnada ante a xurisdición ordinaria dentro dos dous meses seguintes.

Os recursos interpostos polos comuneiros(as) a que se contrae o presente artigo tramitaranse conforme a Lei de Procedemento Administrativo con invocación do precepto infrinxido.

**Artigo 67:-** A Asemblea Xeral poderá revogar calquera acordo aprobado por ela ou po la Xunta Reitora, mais para iso requirirá que concorran as circunstancias do artigo 18, parágrafo 1º, da Lei 13/89, do 10 de outubro, do Parlamento Galego.

Cando tales acordo fosen contrarios á Lei e regulamento de montes veciñais en man común, aos presentes estatutos ou violasen a lexislación xeral, poderán ser suspendidos polo presidente ata a reunión da referida asemblea cando así o solicite calquera dos membros da Xunta Reitora ou o 20% dos comuneiros(as).

Si tales acordos fosen ratificados po la Asemblea Xeral reunida a o efecto, poderán ser executados, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra a propiedade comunal, se a xurisdición competente ordenase a súa revogación.

**Artigo 68:-** Para a conservación ecolóxica e ambiental do monte, a Xunta Reitora da comunidade, con autorización previa da Asemblea Xeral, poderá tomar as



parcelas específicas, agás tratándose de aproveitamentos eventuais, nos que a comunidade acorde distribuír lotes entre os seus membros, por períodos non superiores a once anos, sen prexuízo dos compromisos que vinculen á comunidade con terceiros.

O exercicio da caza maior e menor, axustarase ao disposto na súa lexislación específica-

**Artigo 57:-**O aproveitamento e desfrute do monte realizarase, preferentemente, en réxime de explotación común, e sempre de acordo co proxecto de ordenación (montes de máis de 25 ha), documento simple de xestión ou a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e modelos silvícolas orientativos, segundo o establecido no artigo 77.5 da Lei de montes de Galicia.

O aproveitamento de carácter directo (pastoreo, esquilmos, leña, etc.) consistirá no desfrute xeral e simultáneo do monte polos comuneiros/as, sexa de xeito individual ou colectivo.

A Asemblea Xeral poderá limitar ou condicionar o exercicio desta clase de aproveitamentos para facer posible a concorrencia de todos os comuneiros/as en igualdade ou para conservar a capacidade agrolóxica do monte.

**Artigo 58:-** Cando se realicen aproveitamentos que produzan un rendemento pecuniario, o seu produto pertence por igual a todos os veciños/as, nas condicións establecidas nos artigos seguintes.

**Artigo 59:-** A Asemblea Xeral reservará, en todo caso, as cotas mínimas de reinvestimentos en mellora e protección forestal do monte, respectando todo o establecido no artigo 125 da Lei de montes de Galicia, e que serán.

- a) Do 40% de todos os ingresos xerados. Poderase fixar unha cota anual de reinvestimentos superior, previo acordo da Asemblea Xeral.
- b) Do 100% dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais, nos termos do devandito artigo 125.

Para o cálculo dos ingresos obtidos, haberá que contabilizar non só aqueles que proveñen dos aproveitamentos e servizos forestais senón tamén os derivados de actos de disposición voluntaria, os procedentes de expropiacións forzosas ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria.

Estas cotas de reinvestimento deberán investirse prioritariamente na redacción ou actualización do instrumento de ordenación ou de xestión obrigatorio, que deberá ser aprobado pola Administración forestas, para a



- c) Participar con voz e voto presente ou representado nas Asembleas Xerais segundo o disposto nos presentes estatutos.
- d) Ser informado de todos aqueles datos relativos á marcha da comunidade, nas oficinas da comunidade, así como formular os reparos que teña por conveniente nas deliberacións dos órganos de goberno.
- e) Participar nos aproveitamentos directos e gratuítos que xeneren os montes, na forma acordada polo la Asemblea Xeral ou prevista nos presentes estatutos.
- f) Explotar, cando proceda, parcelas de monte veciñal, conxunta ou individualmente, do xeito que regula a Lei 13/89, do 10 de outubro, do Parlamento Galego, previo acordo que o legalice, tomado polo la Asemblea Xeral.
- g) Traballar na explotación do monte, si esta fose unha das metas, co fin de evitar as medidas de protección preventiva ás que contrae o artigo 24 e seguintes do citado texto 13/89, do 10 de outubro.
- h) Todos os demais que figuran na Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, e demais normas que os desenvolven, así como os que se reflicten no articulado dos presentes Estatutos e derívense da súa condición de comuneiro/a.

## CAPITULO VI

### GASTOS E XESTIÓN ECONÓMICA

**Artigo 47:-** Os aproveitamentos ou beneficios que sexan orixinados polo la explotación do monte, serán logo de deducir os gastos de explotación, sen prexuízo dos compromisos que vinculen a propia comunidade con terceiros. Tales beneficios se os houberse hanse distribuír de maneira que determine a Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora, noutro caso, prorratearanse as perdas entre os comuneiros/as.

**Artigo 48:-** O Comuneiro que cause baixa, por deixar de cumprir os requisitos esixidos para selo, ou abandone de xeito definitivo a parroquia á que pertence o monte, terá dereito, se o acorda a Asemblea Xeral, a ser reembolsado pola explotación do monte das cantidades e as xornadas aportadas a razón do salario mínimo interprofesional, sempre que non percibira algún tipo de beneficio a consecuencia deles e cando desas inversión se deriven beneficios futuros.

**Artigo 49:-** Cando se produza o ingreso dun comuneiro/a existindo débedas pendentes na comunidade dos aproveitamentos do monte, non poderá participarnos beneficios de tales aproveitamentos ata que aporte a parte proporcional, lle corresponda nas referidas débedas, segundo o plan de amortización que aprobe a Asemblea Xeral.

**Artigo 50:-** O comuneiro que se negue a aportar a parte que lle corresponda para contribuir aos gastos de xestión, aproveitamento e explotación do monte, non



**Artigo 40:-** A asemblea para a elección da Xunta Reitora será convocada polo menos con trinta días de antelación.

**Artigo 41:-** As distintas candidatura depositaranse para a súa formalización ante a secretaría da Xunta Reitora presentadas por calquera dos seus compoñentes nun escrito no que figure a súa composición e os cargos, dentro dos vinte días seguintes á data da convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral que contempla o artigo 67 destes estatutos, prazo que rematará ás 24 horas do vixésimo día.

**Artigo 42:-** As candidaturas que pugnen por ocupar os distintos cargos da Xunta Reitora poderán designar cada unha delas un interventor, que non sexa candidato a ningún dos cargos na mesa electoral, para que fiscalice a claridade das eleccións.

**Artigo 43:-** Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións reflectirase na acta que o secretario da mesa levante, e resolverase na Asemblea Xeral que se celebrará a continuación do escrutinio e recuento de votos.

Tal recuento poderá ser impugnado ante a xurisdición ordinaria dentro dos dous meses seguintes, sen que sexa de aplicación para o presente caso o disposto no artigo 52 destes estatutos.

**Artigo 44:-** Unha vez que se resolva sobre dos incidentes e recursos a que se refire o artigo anterior, acordarase a validez das eleccións, do escrutinio e do recuento dos votos, e procederase a constitución a declarar electos para os cargos da Xunta Rectora tal e como contempla no parágrafo último do artigo 67 dos presentes estatutos, tomando acto seguido posesión dos mesmos.

## CAPITULO V

### DEREITOS E OBRIGAS DOS COMUNEIROS/AS

**Artigo 45:-** Ademais dos que resulten dos restantes preceptos destes estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común.

Os comuneiros/as están obrigados a:

- a) Cumprir fielmente os preceptos da Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, as normas dos presentes estatutos, e os acordos validamente adoptados da Asemblea Xeral ou da Xunta Reitora, no ámbito das súas competencias respectivas.
- b) Efectuar as achegas obrigatorias que fixe a Asemblea Xeral, no suposto de enfrontar a explotación directa do monte, de forma e modo que pola mesma se aprobe.
- c) Prestar a súa garantía, na proporción que fixe a Asemblea Xeral, a os créditos solicitados pa financiar as necesidades económicas da explotación do monte, salvo que renuncie expresamente a os aproveitamentos correspondentes.





Todo iso sen prexuízo das facultades que por razóns de urxencia se lle outorgan ao presidente da comunidade.

- h) Facer xestións, desembolsos de cartos dando contas detalladas na Asemblea Xeral.
- i) Conservará, totalmente actualizado, con altas e baixa a relación de Comuneiros/as que pertencen a comunidade do monte, conforme ás normas establecidas.
- j) Impulsar o funcionamento da comunidade co fin de evitar as accións de protección e xestión preventiva atribuídas á Administración.
- k) Todos os outros asuntos que expresamente lle delegue a Asemblea Xeral ou lle confiran a Lei ou o regulamento de montes veciñais en man común.

**Artigo 29:-** O presidente da Xunta Reitora ostentará, xudicial e extraxudicialmente, a representación da comunidade, e deberá acreditar dita calidade para realizar os actos de disposición. Cando se considere oportuno, poderá ser nomeado polos órganos da comunidade ou por este, outros/as representantes para asuntos concreto.

O vicepresidente substituirá ao presidente na súa ausencia e en asuntos de representación, e auxiliará a aquel nos trámites da súa competencia.

**Artigo 30:-** O secretario será o encargado das citacións, de redactar as actas das reunións, certificacións e da correspondencia. Terá o seu cargo o libro de actas e o libro rexistro de comuneiros/as, e, en xeral, de toda a documentación da comunidade.

**Artigo 31:-** O tesoureiro terá a seu cargo os libros de contas, será o encargado de controlar as xestións económicas e de reflectilas nos libros de contabilidade, así como de controlar os seus fondos, en especial coa intervención do presidente pagamentos ou ingresos, o mesmo que as ordes de xestións para a evolución do patrimonio da comunidade e, en definitiva, controlar toda a marcha contábel da comunidade.

**Artigo 32:-** Os vogais terán as funcións que lles encomende a Xunta Reitora ou a Asemblea Xeral. Prestarán unha función colaboradora en asuntos de tesourería e contabilidade, na elaboración de orzamentos, velando polo correcto reflexo de ingresos e gastos, sen prexuízo do exposto no artigo anterior, podendo someter calquera xestión que diso se derive á Xunta Reitora, a cal poderá, se o considera conveniente, pola súa banda, sometela á consideración da Asemblea Xeral.

Calquera Comuneiro/a, poderá defender os intereses da comunidade, tendo que serlle reintegrados os gastos que lle ocasione, sempre que prosperen as súas pretensións ou sexan aprobados polo a Asemblea Xeral.

**Artigo 33:-** A Xunta Reitora dará conta á Asemblea Xeral, na primeira sesión que celebre, dos acordos adoptados.



- k) Aprobar as cotas de reinvestimento en mellora e protección do monte cando supere o fixado na Lei de montes de Galicia e nestes estatutos.
- l) Aprobar o deslindamento provisional con outras comunidades veciñais en man común, así como a proposta de deslindamento con propiedades particulares.
- m) Decidir a interposición de accións xudiciais, sen prexuízo de aquelas que polo seu carácter de urxente deba decidir a Xunta Reitora.
- n) Determinar a porción de monte suxeito a repartición entre os distintos comuneiros/as, períodos de duración, rotacións e modos de explotación para que cumpran o fin previsto na lexislación vixente.
- o) Todas as medidas relativas á protección e xestión cautelara que sexan establecidas polo Consellería de Montes e Mar.
- p) Xestionar o cumprimento das medidas de prevención do monte e a loita contra os incendios forestais na forma que determine a expresada consellería cada ano, sen prexuízo de que a propia comunidade enfrente por si as que considere convenientes en defensa do patrimonio colectivo.
- q) Aprobación, no suposte de explotación colectiva do monte, total ou parcial, da distribución de beneficios e cargas dos aproveitamentos pecuniarios.
- r) Imposición de sancións aos infractores/as das normas ditadas polo Asemblea Xeral e a Xunta Reitora.
- s) Así mesmo, e de forma concreta, todos os acordos referentes a autorizacións e concesións para poder constituír e explotar espazos do monte ou dos seus recursos, sinalando para o efecto as cotas que se van percibir tales conceptos.
- t) Realizar cantos actos sexan precisos para a boa marcha da comunidade, explotación do monte e dos seus recursos e convenios que se realicen para a cesión, permuta ou adquisición de bens e dereitos que poidan variar o acervo patrimonial da comunidade.
- u) Todas as demais que estean atribuídas polas disposicións en vigor, ou as que se diten no futuro, e cantas outras se lles atribúan nos presentes estatutos, especialmente no tema do exercicio do voto e elección de cargos.

**Artigo 26:-** De cada reunión da Asemblea Xeral, levantarase polo secretario da Xunta Reitora a correspondente acta, na que deberá constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orden do día sometidos a votación, expresando con claridade o número de votos a favor e en contra. Se algún asistente quixera facer constar a súa posición, recollerase na acta e poñerase o seu nome e apelidos.



A Xunta Reitora, coa aprobación da Asemblea Xeral, poderá establecer algún tipo de requisito ou documentación para facer efectivo o control da delegación.



## CAPITULO IV

### DOS ÓRGANOS DA COMUNIDADE

**Artigo 15:-** O goberno e administración da comunidade serán realizados po la Asemblea Xeral de Comuneiros, a Xunta Rectora e o presidente da devandita Xunta Rectora.

#### ASEMBLEA XERAL:

**Artigo 16:-** A Asemblea Xeral é o órgano supremo de decisión da comunidade veciñal, e estará composta por todas os comuneiros/as que figuren como tales no libro de rexistro de altas e baixas.

**Artigo 17:-** A Asemblea Xeral reunirase de maneira obrigatoria con carácter ordinario unha vez o ano, e sempre dentro dos seis meses seguintes a fecha de peche do exercicio económico.

Deberá pasar lista para determinar os comuneiros/as presentes ou representados que asisten a Asemblea, deixando constancia das faltas.

**Artigo 18:-** Con carácter extraordinario, poderase convocar a Asemblea Xeral por iniciativa do presidente da Xunta Reitora ou a petición dun mínimo do 20% dos comuneiros/as censados.

Neste caso, a Xunta Reitora convocará Asemblea Xeral, que se celebrará no prazo máximo de dous meses. No suposto que non se celebre, e por instancias de un mínimo o 20% dos comuneiros/as, reunirase en Asemblea Xeral para tomar os acordos oportunos, incluíndo a remoción da Xunta Reitora, respectando sempre a maioría que marca a Lei.

**Artigo 19:-** As convocatorias para Asemblea Xeral, tanto en reunión ordinaria coma extraordinaria, farase con un mínimo de dez días de antelación, mediante notificación escrita a todo os comuneiros/as, por orde do presidente da comunidade e asinada po lo secretario, no que exprese claramente o lugar, a data e a hora na que se debe celebrar en primeira e segunda convocatoria, o carácter da mesma e a orde do día dos asuntos a tratar. Publicarase durante o mesmo prazo nos taboleiros de novas da sociedade, no Concello. e nos sitios de costume da parroquia.

**Artigo 20:-** As Asembleas Xerais, quedara validamente constituída en primeira convocatoria cando teñan presentes ou representados mais da metade do censo de comuneiros/as, e en segunda convocatoria cando teñan presentes ou representados a lo menos un 25% do censo de comuneiros/as, debendo mediar entre unha e outra, un mínimo de dúas horas.

**Artigo 21:-** Os acordos referidos a actos de disposición, así como á aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, require convocatoria expresa, e o voto favorable da maioría dos presentes e representados que representen polo



## CAPITULO II

### DOS VECIÑOS COMUNEIROS

**Artigo 6º:-** Compoñen a comunidade sen asignación de cotas específicas, as persoas que figuren como tales no libro rexistro de Comuneiros por propia iniciativa previa solicitude de inclusión, que sexan titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da área xeográfica sobre que se asenta o grupo social ao que tradicionalmente estivo adscrito o aproveitamento do monte.

**Artigo 7º:-** A condición de veciño comuneiro esta ligada á casa familiar, de xeito que só se considerará un comuneiro por casa, a persoa que se designe para exercer a representación, deberá ser comunicada por escrito á Xunta Rectora. Salvo naqueles casos en que existan economías independentes, tendo que ser estas completamente demostrables e apreciadas pola Asemblea Xeral.

**Artigo 8º:-** Enténdese por residencia habitual aquela que se efectúe continuamente durante **UN ANO**, realizando no lugar os actos fundamentais da vida, con unha permanencia mínima de **DEZ MESES** en cada ano.

Queda exceptuado do requisito de antigüidade de residencia, a persoa que veña a ocupar por título de herdanza a casa do comuneiro falecido, se houberse continuado entrámbolos dous. Esta excepción non afecta ao tempo de residencia fixado anualmente.

**Artigo 9º:-** O veciño(a) emigrado que retorne o lugar, recuperará de xeito inmediato os dereitos que lle corresponden, sempre que cumpra os demais requisitos.

**Artigo 10º:-** O recoñecemento da condición de veciño comuneiro(a), correspóndelle á Asemblea Xeral.

A Comunidade estará obrigada a levar un libro rexistro cos nomes de todos os comuneiros(as), enderezos e datas nas que causan altas ou baixa da mesma. Esta relación manterase constantemente actualizada.

A Asemblea Xeral, poderá revisar en todo momento a relación de comuneiros/as, e deixar sen efecto as altas ou baixa indebidas. Ningún comuneiro/a dado de baixa, poderá reclamar o reembolso de achegas feitas para a explotación do monte.

**Artigo 11º:-** As persoas que desexen obter a condición de veciño (a) comuneiro(a), cos seus dereitos e obrigas, deberán solicitalo por escrito da Asemblea Xeral, que resolverá cada caso segundo o establecido nos artigos anteriores. A acción para reclamar o recoñecemento da condición de comuneiro(a), prescribe aos 30 anos.